

● **SANTIAGO**
> **NEGREIRA**

20,9 km
87,5 km a Muxía
89,6 km a Fisterra

A Ponte Maceira, Negreira



- Sáimos desde a praza do Obradoiro. Enfilamos a ruta pola desaparecida porta do Peregrino ou da Trindade, costa abaixo entre o pazo de Raxoi e o Hostal dos Reis Católicos, e continuamos pola xenuína rúa das Hortas, deixando á nosa esquerda a igrexa de San Frutuoso. No número 37 desta rúa naceu o intelectual galeguista, pintor e empresario, Isaac Díaz Pardo (1920-2012), renovador das célebres cerámicas de Sargadelos. Seguimos pola rúa do Cruceiro do Gaio, Poza de Bar e chegamos á carballeira de San Lourenzo, bosque de rexos e inspiradores carballos centenarios.

Transitamos por espazos bucólicos aos que a poetisa Rosalía de Castro lles dedicou algún dos seus mellores versos. No seu libro *Follas novas* (1880) escribe a "... aquís vellos carballos, / amostrando as súas raíces / cálvias-redondas copas...".

Os límites polo oeste dos terreos do pazo de San Lourenzo condúcennos, camiño abaixo, ata o leito do río Sarela, fermoso afluente do Sar. Nas súas beiras subsisten as ruínas do vello esplendor das fábricas de curtidos, pois en Santiago medrou, ata o último terzo do século XIX, unha puxante industria do coiro.

Deixamos a parroquia de Figueiras á esquerda; despois Vilvestro, Roxos e Alto do Vento, e internámonos no municipio de Ames. Alcanzamos o núcleo de Augapesada e ascendemos ata o duro cumio de Mar de Ove-llas, con magníficas vistas sobre o val da Maia. Pasamos o núcleo de Carballo, Trasmonte, Reino e Burgueiros, e cruzamos o río Tambre pola ponte máis significativa deste Camiño: A Ponte Maceira. Alén comeza a comarca da Barcala –zona que destaca pola súa produción láctea e cárnica– e o municipio de Negreira. Logo da

Ponte Maceira tomamos un carreiro arborado próximo aos ata Negreira, pequena aldea que foi o núcleo orixinal de Negreira. Varios tramos coinciden co antigo Camiño Real a Fisterra. Probanolo a toponimia ao pasarmos á beira do Camiño Real ou Portocamiño. Cornovo e o Rego de Forxán son os seguintes puntos. O lugar do Cornado é a derradeira poboación do municipio de Negreira, que lle dá paso ao concello de Mazaricos, xa na comarca do Xallas.

A vila de Negreira, de orixe medieval, foi levada á litératura, entre outros, por Ernest Hemingway, quen alude a ela na novela *For Whom The Bell Tolls* (Por quen dobran as campás). Ao atravesar a localidade chegamos ao albergue, tras pasar xunto á capela de San Mauro, o pazo do Cotón e cruzar o río.


QUE VER

Tras O Obradoiro, a **igrexa barroca de San Frutuoso**, orientada para contemplar a gran praza e con catro estatuas na súa cima que representan as virtudes da Prudencia, a Xustiza, a Fortaleza e a Temperanza. A **carballeira de San Lourenzo**, pequeno e acolledor bosque de carballos centenarios que marca o descenso cara ao río Sarela. O **pazo de San Lourenzo** de Trasouto –convento franciscano de orixe medieval– que garda no seu interior, no centro do seu claustro, un singular xardín de buxo; o recinto contén ademais obras de arte renacentistas e barrocas; o altar maior da súa igrexa está construído con mármore de Carrara. A **ponte sobre o río Roxos**, medieval. A **igrexa barroca de Trasmonte**. O núcleo da **Ponte Maceira**, coa súa ponte construída sobre o río Tambre (s. XIV) e arrodeada dunha fermosa paisaxe natural e monumental. Da outra banda da ponte, a **capela do Carme ou de San Brais** (s. XVIII). Na construción civil histórica de Negreira destacan varios pazos coma o da **Chancela**, ou do "Capitán", aberto ás visitas; o **pazo do Cotón** –fortaleza medieval restaurada no s. XVII–, e o pazo de **Baladrón** –de feitura modernista, de mediados do s. XX–, entre outros; ademais da **capela de San Mauro**.

● **NEGREIRA**
> **OLVEIROA**

34 km
68,7 km a Fisterra

A Ponte Olveira, Mazaricos




QUE VER

O **paseo fluvial do río Barcala**. Os **hórreos das Maroñas**. A **igrexa de Santa Mariña**, con fachada de orixe románica e grosos muros de pedra que soportan o edificio. A **cestería tradicional** e **chapeus típicos** da comarca do Xallas. A **igrexa parroquial de San Cristovo de Corzón**, de orixe románica e con incorporacións ata o neoclásico. A **ponte da Ponte Olveira**, construída no s. XVII. Os hórreos e a igrexa de **Santiago de Olveiroa**. Esta ruta discorre próxima ao encoro da Ferveza, do **río Xallas**, que **desemboca en cadoiro en Ézaro**, producindo un fenómeno natural único.

O monte Aro (556 m) é un dos puntos de maior interese paisaxístico. Desde aquí albíscase parte da comarca de Terra do Xallas. Este territorio é coñecido pola súa artesanía de cestería e tamén polos seus orixinais chapeus femininos realizados en palla.

Tras Aro, Campo Valado, Porteliñas, As Abeleiroas e mais o miradoiro de Corzón; ao pasarmos o núcleo de Mollón, chegamos á ponte do río Xallas que divide os municipios de Mazaricos e Dumbria. Alcanzamos A Ponte Olveira e logo o centro de Olveiroa, final de etapa.

A vexetación autóctona e a beleza das paisaxes preside estes primeiros quilómetros: toxos e milleirais, piñeiros e eucaliptos..., xunto cunha xenuína arquitectura popular de canastos coma os das Maroñas ou igrexas románicas coma a de Santa Mariña.



● **OLVEIROA**
> **CORCUBIÓN**

20,6 km
34,6 km a Fisterra

Corcubión




QUE VER

O **santuario da Nosa Señora das Neves** (s. XVII), coa súa "fonte santa" e animada romaría cada 8 de setembro. A **ermida de San Pedro Mártir**, con outra fonte "milagreira" para variadas doenzas. O alto do **Cruceiro da Armada**. En **Cee**, o **pazo do Cotón**, o **edificio decimonónico da Fundación Fernando Blanco**, e a **igrexa da Xunqueira**, de cabecera gótica (s. XVI). En Corcubión, a **igrexa de San Marcos**, gótico-manieira, con fachada reconstruída no século XIX; no seu interior destaca a imaxe polícromada de san Marcos, de orixe italiana (s. XV). Cada primeiro sábado de agosto Corcubión celebra a **Festa da Ameixa**.

Un marcado descenso, con vistas á ría de Corcubión, guíanos ata Cee, a primeira localidade da comarca á que chega o peregrino. Cee é o municipio máis grande da Costa da Morte; conta cunha notable actividade comercial e cun animado mercado dominical. Chegamos ao centro da vila a través do Campo do Sacramento e da rúa Magdalena.

Moi preto está Corcubión, que conserva unha zona vella declarada conxunto histórico-artístico. Pola rúa San Marcos chegamos á fermosa igrexa homónima, bautizada en honor do patrón da localidade.



● **CORCUBIÓN**
> **FISTERRA**

14,3 km

Faro de Fisterra



QUE VER

A **cala de Talón**, un recuncho fermoso e solitario. A praia e dunas da **Langosteira**. A **Cruz de Baixar**, cruceiro do s. XVI. En **Fisterra**, a **capela barroca da Nosa Señora**, a **igrexa de Santa María das Areas**, románica na súa portada (s. XII) e gótica. No adro éguese un fermoso cruceiro gótico (s. XV). No seu interior destaca o **Santo Cristo de Fisterra**, unha talla senlleira do s. XIV. Tamén neste templo, a imaxe renacentista da **Virxe do Carme** e a capela maior –con imaxe en pedra da Virxe do s. XVI–. O faro foi construído en 1853. Desde aquí é obrigado ver como **o sol se esconde** detrás das augas.

- Etapa curta, de 14 quilómetros. Desde O Campo do Rollo, en Corcubión, emprendemos un forte ascenso que nos conduce ao Campo de San Roque e á aldea do Vilar. Pasamos os núcleos da Amarela e logo Estorde. En Sardañeiro transitamos por tramos que foron Camiño Real.

Atravesamos unha comarca que ten un dos litorais de maior beleza da península ibérica, con grandes e tranquilos areais que suavizan a fronte rochosa e un mar bravísimo que deixou centos de historias e tamén lendas de naufraxios e rescates.

Rodeamos a cala de Talón, logo chegamos a Calcova e alcanzamos a extensa e preciosa praia da Langosteira. Ao fondo emerxe, coma unha illa, a vila de Fisterra.



● **OLVEIROA**
> **MUXÍA**

32,5 km


Hórreos de Olveiroa, Dumbria



QUE VER

A **igrexa de Santa Baia de Dumbria** (s. XVII e XVIII). A **capela da Santíña do Espiño**. En **San Martiño de Ozón**, un dos máis grandes hórreos de Galicia –de 27 metros e con 22 pares de pés– e unha igrexa de absida románica, vestixios do antigo mosteiro beneditino de San Martiño. A **igrexa de San Xulián de Moraima**, resto tamén dun gran mosteiro, hoxe desaparecido. O templo conservado é románico de tres naves e con pinturas góticas. En Muxía, a **igrexa de Santa María** –románica e gótica– e o santuario da **Nosa Señora da Barca** (templo barroco). Fronte a el, case sobre o mar, as famosas formacións rochosas coñecidas como Pedra de Abalar e Pedra dos Cadris.

Cruzamos polo Rego de Vao Salgueiro. Alternan asfalto e corredoiras. Descendemos ata As Carizas, Rego de Cheo e subimos logo a Dumbria. Recibenos a súa praza con hórreo, cruceiro e igrexa. Atravesamos o núcleo e chegamos á aldea de Trasufre, dentro xa do concello de Muxía. A través do antigo Camiño Real alcanzamos Senande e logo Vilastose, Quintáns e Pedregás. Valiosas



● **FISTERRA** <->
MUXÍA

32,1 km

Santuario da Barca, Muxía



- Etapa de dobre sentido, xa que o peregrino pode empregar quer en Muxía, quer en Fisterra. Son un total de 32,1 km pola agreste, fermosa e impresionante Costa da Morte. Se decidimos principiar en Fisterra, entón debemos alcanzar a praia da Langosteira e, na Cruz de Baixar, coller camiño á parroquia de San Martiño de Duio, templo que remite a unha desaparecida cidade romana de nome Dugium.

O Camiño avanza, co mar omnipresente, entre aldeas, fragas e cultivos de millo. Pasamos polas inmediacións da praia do Rostro, que aparece entre piñeiros. Baixamos á pequena ría de Lires, parroquia do municipio de Cee. Cruzamos o río Castro e entramos no termo municipal de Muxía. Alcanzamos Vaosilveiro, Frixe e Morquintán, con tramos de asfalto entre outros de camiños rurais.

Un último esforzo antes de chegarmos a Muxía represento o ascenso ao alto das Aferroas (289 m) e ao monte Facho de Lourido. Tras deles chegamos á aldea de Xurarantes e debemos bordear a praia de Lourido. Estamos xa nas inmediacións da vila mariñeira de Muxía.

Entramos nela polas rúas Campo das Pinas, Os Malatos e Enfesto. O noso obxectivo será a visita ao santuario da Virxe da Barca. Achegámonos a el en descenso, primeiro pola Rúa de Manuel Lastres e a Rúa Real. Pasamos ante a oficina de turismo, onde podemos coller a "Muxiana" (unha credencial de final de camiño que en Fisterra ten tamén a súa propia "Fisterrana" e que aquí se pode selar no albergue municipal).

Bordeamos o monte Corpiño polo Camiño da Pel, topónimo que alude a unha desaparecida fonte na que os peregrinos se aseaban ao final da ruta, un símbolo de

purificación e respecto antes de chegaren ao santuario da Virxe da Barca. Na parte baixa do monte atópase a igrexa de Santa María, cun estilo de transición entre o románico e o barroco.

No santuario da Barca culmina esta etapa. Ou ben marcaría o inicio se –como dixemos ao principio– acordamos facela en dirección Fisterra. Os arredores do templo son impresionantes, empoleirado fronte á forza do océano e cunhas caprichosas formacións rochosas sobre as que creceron tradicións e ritos. Este santuario garda relación coa lenda que sitúa nestas costas a aparición da Virxe ao apóstolo Santiago para darlle azos na súa predicación. O primeiro documento que fai referencia ao santuario data de mediados do s. XVI.

QUE VER

A **igrexa barroca de San Martiño de Duio** (s. XVIII), dunha soa nave con sancristía anexa. Nas súas inmediacións disque se ocultaban as ruínas da desaparecida cidade romana de Dugium, mergullada baixo as augas e citada no *Códice Calixtino* como o lugar onde residía o legado de Roma ao que terían visitado os discípulos de Santiago para que autorizase a sepultura do Apóstolo en terra compostelá. A **praia do Rostro**, impresionante e agreste areal. A **ría de Lires**, con importante riqueza ornitolóxica e notables mostas de arquitectura popular e relixiosa, como as igrexas de orixe románica de **Santa Locacia de Frixe** e **Santa María de Morquintán**. A **praia de Lourido**, antasala de Muxía, enclavada nunha fermosa contorna litoral. En Muxía, a **igrexa de Santa María**, de transición entre o románico e o gótico. O **santuario da Nosa Señora da Barca**, que ten a súa posible orixe nunha capela do século XII. O templo actual é barroco (principios s. XVIII) e dunha soa nave. Fronte a el, case encol do mar, atópanse as famosas formacións rochosas coñecidas como **Pedra de Abalar**, **Pedra dos Cadris** e **Pedra do Timón**. Arredor do 8 de setembro este lugar celebra **unha das romarías máis populares de Galicia**.

Cabo Fisterra

